



# A NOŒA SAÚDE TAMÉN CONTA

## DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

A integración da perspectiva de xénero na saúde laboral permítenos tanto coñecer en que medida afectan, de maneira diferente, os riscos a mulleres e homes, como a adopción de medidas preventivas eficaces. Para iso, e en coherencia coa Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 (EESST) desde o noso ámbito de actuación cremos que é necesario:

**1.- Actualizar o marco normativo:** incorporando a perspectiva de xénero nas actuacións preventivas, explicitando a obriga da súa integración no plan de prevención, identificación e avaliación de riscos, planificación da actividade preventiva, formación, vixilancia da saúde e en cantas actuacións preventivas e disposicións se consideren necesarias.

**2.- Impulsar o desenvolvemento de investigación, os procesos de toma de datos e análises de información:** visibilizar as consecuencias das condicións de traballo e saúde das mulleres, xa que aquilo que non se recoñece, non existe. É necesario desenvolver indicadores específicos e investigar os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais tendo en conta as diferenzas biolóxicas e sociais de mulleres e homes.

**3.- Ter en conta as diferenzas entre mulleres e homes:** á hora de avaliar os riscos e establecer medidas preventivas. É chave ter en conta e incluír na análise dos riscos as distintas variables que conflúen en colectivos de especial vulnerabilidade como o de traballadoras migrantes, con distintas capacidades, vítima de violencia de xénero, entre outras cuestións.

**4.- Intervir sobre os riscos específicos de xénero:** débense ter en conta factores como a dobre presenza ou o conflito traballo-familia, violencia, acoso ou discriminación por razón de sexo, etc. Así é especialmente importante investigar e propoñer medidas adecuadas para a protección da seguridade e saúde dos traballos relacionados cos coidados como a dependencia, a limpeza, o traballo doméstico, a educación ou a saúde.

**5.- Sensibilizar** sobre a necesidade de integrar a perspectiva de xénero de forma real e eficaz. É necesario facilitar formación especializada nos centros de traballo que permitan o recoñecemento da súa importancia, así como a implementación e o seguimento das medidas que fan efectiva a igualdade neste ámbito.

**6.- Revisar do cadro de enfermidades profesionais:** incluír a perspectiva de xénero nos aspectos de vixilancia de elementos nocivos para a saúde laboral e revisar os protocolos dos recoñecementos médicos de modo que a atención á saúde das mulleres e homes se realice desde unha perspectiva integral. Estes recoñecementos deben basearse na historia clínico-laboral e hanse de investigar tamén aspectos ligados ao estrés e aos hábitos de vida. Ademais de potenciar a investigación de enfermidades prevalentes en mulleres traballadoras, as súas causas e indicadores para a prevención.

**7.- Vincular o plan de prevención de riscos laborais ao plan de igualdade,** para que se poidan coordinar aspectos relacionados coa conciliación, tempos de traballo, acoso sexual ou por razón de sexo, promoción, ambientes saudables, etc.

**8.- Garantir a participación das mulleres como delegadas sindicais, delegadas de prevención e membros do Comité de Seguridade e Saúde,** xa que a súa implicación directa facilita a visibilidade dos problemas que as afectan, así como a procura de solucións para superalas.

